



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN EN DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2012.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

**INTERVENTOR XERAL**

D. Sergio Aguado Delicado.

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 15 de novembro de dous mil doce, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que xa está pedido ó carpinteiro que se faga unha mesa dianteira para o Pleno que conte con 6 prazas para prever calquer situación que se poda dar.

**1.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN, NA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 31 DE OUTUBRO DE 2012, POLO QUE SE DESESTIMA A PROPOSTA DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE Ó PUNTO 8 DA ORDE DO DÍA “APROBACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DE IMPOSTOS, TAXAS E PREZOS PÚBLICOS, PARA REXER NO ANO 2013”.**



Visto o recurso de reposición interposto polo Alcalde do Concello de Viveiro e os concelleiros do grupo municipal do P.S.O.E., contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 31 de outubro de 2012 no punto 8 da orde do día, referente á aprobación das ordenanzas reguladoras de impostos, taxas e prezos públicos, para rexer no ano 2013.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que se interpuxo un recurso de reposición contra o acordo adoptado polo Pleno en data 31 de outubro de 2012 no que se tomou un acordo que desestima un acordo plenario de obrigado cumprimento, un acordo que se aprobou no seu momento polo Pleno e logo polo Ministerio de Facenda. Apunta que na prensa se publican moitas inexactitudes, xa que se di que se propón subir os impostos, e non se propón subir os impostos en Viveiro, súbese só un imposto, porque así se acordou no Plan de Axuste, xa que o resto son taxas sobre servizos que deben financiarse ó 100%, excepto nos supostos de carácter social. Indica que deste xeito no Plan de Axuste non se sube para financiar o 100% no suposto do conservatorio, xa que senón suporía unhas taxas de 2.000 euros. Di que nas instalacións deportivas se sube o 4%, que para os clubs son gratuitos, e suponen uns 180.000 euros para poder permitir que os xóvenes de Viveiro podan realizar deporte. Sinala que se aprobou que as rentas co 80% do IPREM só pagan o 1% e o resto de veciños terán que pagar 11 euros por cada hora que se dedica a servizos sociais, conforme aprobou a Xunta de Galicia. Así mesmo di que tampouco se subiron as taxas do teatro, cun déficit duns 80.000 euros, nin as do Alzheimer, o que supón un déficit de 60.000 euros, tampouco as do cemiterio, cun déficit de 38.000 euros. Di que se propón subir as que cada veciño consume, non os impostos, e que polos contratos se está obrigado a subir o IPC, que é o que está acordado no contrato. Manifesta que as taxas que se suben faise por debaixo da cobertura do 100% do custe no suposto das de carácter social, que era o que estaba acordado no seu momento, e que cando se aprobou o Plan de Axuste se fixo para garantir os servizos culturais, sociais e deportivos, porque se fai atendendo a un modelo de sociedade, dicindo que tamén hai outro modelo de sociedade, que é que todos paguen e os que non poden pagar se fastidien, e no Plan de Axuste no seu momento optouse por non castigar á xente. Recalca que a Xunta de Galicia retirou as axudas para a axuda no fogar ós Concellos de menos de 20.000 habitantes. Tamén indica de que se parte de que unha vez aprobado o Plan de Axuste polo Ministerio é de obrigado cumprimento, tanto se o Pleno continúa cos acordos adoptados, ou de xeito contrario mediante a aplicación das medidas coercitivas recollidas nos artigos 24, 25 e 26 da lei de estabilidade orzamentaria, nos que se recolle ata a disolución da corporación por incumprimento destes actos, polo que non se entende como se pode ter un acordo plenario e logo dicir que non se cumpre, coa irresponsabilidade que isto conleva. Apunta que ó día seguinte do Pleno se podía comunicar á Subdelegación e ó Ministerio o resultado da votación e que tomasen as medidas que considerasen, coa responsabilidade que cada un teña, pero non optaron por esta vía, senón que optaron por volver a traer este asunto ó Pleno, para que quen o crea convinte non vai en contra dos seus propios actos, e iso atañe a todo o Pleno. Di que se o resultado do Pleno de hoxe é a aprobación da proposta de recurso logo convocarase outro Pleno para a aprobación



das taxas axustadas ó Plan de Axuste, e en caso contrario haberá que comunicar ós organismos pertinentes a situación creada, coa responsabilidade de quen a adopte.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que neste Pleno estase a tratar máis do mesmo, repetindo o do Pleno do 31 de outubro, di que nada cambiou e polo tanto a posición do seu grupo tampouco, polo que seguen mantendo o non.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que respecto á postura en contra non consta na certificación da acta do pleno anterior que se faga ningunha mención técnica ou legal ó Plan de Axuste e que cada un saberá as consecuencias que vai traer este asunto, sabendo que vota en contra dun acordo firme e a normativa que o ampara. Apunta que se alguén quere plantexarse se os artigos 24, 25 e 26 que son da lei de saneamento, se aplican neste caso, di que conste en acta a existencia dun informe pedido polo COSITAL ó Ministerio. Di que o COSITAL é o Colexio de Secretarios e Interventores de España, que pediron un informe ó Ministerio e o Ministerio informa que esta normativa é de aplicación tamén ó Plan de Axuste que deriva do Real Decreto 4/2012, comunicando que fará entrega á Secretaria de dito informe para a constancia exacta do que nel se di, procedendo á súa lectura:

*“(…) la disposición adicional primera de la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, dispone que las Corporaciones locales que soliciten al Estado el acceso a medidas extraordinarias de apoyo o lo hayan solicitado durante 2012, vendrán obligadas a acordar con el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un plan de ajuste que garantice el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública.*

*En el marco del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero, aquellas entidades locales que no aprobaron un plan de ajuste pero accedieron al mecanismo de pago a proveedores, en tanto que tal medida tiene la condición de medida extraordinaria de liquidez, sería posible, que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, requiera a tales entidades locales para la presentación de un plan de ajuste que garantizara el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, de forma que la falta de remisión del mismo, la valoración desfavorable o el incumplimiento del plan de ajuste, daría lugar a la aplicación de las medidas coercitivas citadas”*

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo o que vai facer é manter a súa posición contraria a esta subida de taxas, para non cargar ós veciños coa mala xestión económica do Concello, e non o van facer mentres non se aproben os orzamentos deste Concello. Deste xeito procede á lectura do Plan de Axuste e procede á lectura da introducción do Plan de Axuste do seguinte xeito “ (..) nos apartados B.1, B.2 e B.3, as medidas a levar a cabo comenzan no exercizo 2013, polo que as mesmas están dirixidas ó horizonte temporal 2013-2022. Sinalar que o orzamento de 2012 está confeccionado e pendente de aprobar, polo que é o que utilizamos como punto de partida, ó estar en vigor o



*prorrogado*”. Apunta que non saben se isto incumple o Plan de Axuste pero non aprobar o orzamento de 2012 tamén o incumple, polo que con iso xa se incumpriría e ese incumprimento é responsabilidade do Alcalde, e que tamén o seu grupo sabe ler a lei e non fai falta que o Alcalde manifeste ameazas.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que o Sr. Bernardo votou a favor do Plan de Axuste e dixo públicamente que os orzamentos non se aprobaban pola Alcaldía, pero había que sacar primeiro as contas, xa que senón se podía perder moito diñeiro por parte do Concello. Di que saíu publicado que se ían perder 187.000 euros ó mes, pero iso hoxe xa está solventado ó presentar as contas. Apunta que quede claro que antes de dar traslado deste acontecemento ós distintos organismos este Alcalde volveu a traer este asunto ó Pleno para poder rectificar, di que comunica o que di a lei, pero non ameaza, que este Pleno non tiña obriga de facelo. Dille ó Sr. Bernardo que votou a favor do Plan de Saneamento, que logo o Ministerio aprobou, e di que conste que non se volve a aducir ningún asunto técnico de incumprimento do Plan. Di que para elaborar os orzamentos hai que saber que ingresos vai haber, e como se van elaborar uns orzamentos nos que fundamentalmente hai dous pés: ingresos e gastos, e non se saben os ingresos, indicándolle ó Sr. Bernardo que él só axudou a que se aprobaran os gastos (coa abstención), e non se poden facer uns orzamentos presupoñendo o que se ingresa para logo presupoñer o que se gasta. Tamén lle reprocha que no último pleno votou a favor dunha ordenanza que vai axilizar a apertura de establecementos por unha normativa europea, pero votou en contra da taxa, en contra de que se cobrara. Recalca que se debería ter lido a documentación presentada a este Pleno con seriedade.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que neste pleno se están tratando os temas dirixíndose contra as persoas. Di que o seu grupo manifesta a disconformidade coa xestión deste Concello. Recorda que no Pleno se votou de forma unánime realizar os orzamentos do 2013, que non se pode facer sen previsións. Apunta que non están a favor das subidas das taxas, pero recorda que os incrementos importantes non os marcan as subidas propostas polo Concello de Viveiro, senón que veñen marcados polo Estado e a Xunta de Galicia. Sinala que as consecuencias para os cidadáns de Viveiro se este Concello chega a ser intervido serían moi importantes, a parte de que sería o centro de atención por problemas a nivel estatal, entenden que hai que ser consecuentes, indicando que a postura do seu grupo estaba sendo cómoda, absténdose no Plan de Axuste e nas ordenanzas. Di que non están de acordo con esta subida das taxas, incluso di que se podería realizar doutro xeito, e estudar os gastos, pero que poda ser intervido o Concello é un feito grave. Apunta que hai aprobación das contas do exercizo 2011, non coa aprobación do i.V.i porque estaban mal, pero isto considera que se trata dunha situación que pode acarrear que non se podan xestionar servizos a parte de xogar con moitos postos de traballo, apuntando que non vai significar nada o seu voto, pero que van votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que as contas se aprobaron non só cos votos do P.S.O.E. e que semana a semana os gastos se aprobaban en Xunta de Goberno Local. Di que todos saben o que vai pasar ó ser inservidos, xa que pregunta cómo se vai manter o déficit do conservatorio, o cementerio, axuda no fogar, alzheimer,



polo que cando se interveña o Concello o que a provocou explicará ós veciños o porqué deses recortes.

Ábrese un segundo turno de intervencións, a petición de D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, dicindo que o seu deber é coñecer a lei, e non sabe se o do Sr. Alcalde é informar da mesma. Di que o Plan de Axuste se basaba no orzamento do ano 2012, e que se sentaron para aprobalo dende outono do 2011, polo que se puido ter aprobado moito antes da publicación do Real Decreto 4/2012 e polo tanto antes do Plan de Axuste, e así cumprir o punto básico do Plan. Di que o seu grupo votou a favor do Plan de Axuste, e que se o Concello é intervido será por un caso extremo, e que o seu grupo será responsable da súa parte, pero se o Concello é intervido non vai ser por non subir as taxas, senón polos quince millóns de euros de débeda, e considera que hai maneiras de solucionalo, e que se podería solucionar se o Sr. Alcalde gobernase, e non botando balóns fóra.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Roel para dicir que primeiro dixo “digo” e logo “diego”, que no último Pleno dixo que aprobara o Plan de Axuste para que se lle pagase ós que se lles debía, pero logo tamén lle hai que pagar ós que nos deixaron os diñeiro. Repróchalle ó Sr. Bernardo que agora se demostra o que dixo e fixo sen autorización. Sinala que o que debe este Concello xa se sabe, porque cada grupo ten os datos da débeda que hai e o que se gastou en cada período, e que este Concello está facendo o posible e a pesar de que se lle cortan as redes vai seguir adiante. Di que a intervención só se fai por unha razón, e non se pode descartar, dille ó Sr. Bernardo que xa votou no seu momento que subían as taxas e un só imposto, pedíndolle que o recoñeza públicamente, que no seu día xa votou a favor destas medidas. Recórdalle que está tratando o consumo de auga como un imposto, e os impostos páganos todos, indicándolle que sabe a diferenza entre imposto e taxa pero non o dice. Recalca que a lei establece claramente o suposto da intervención do Concello, e reitera que lle foi preguntado ó Ministerio se estes artigos eran de aplicación para este caso e veuse como lle contestou ó COSITAL. Di que o Plan de Axuste é a partir do 2013, e que onde se fai referencia ó 2012 é na introducción do Plan de Axuste, tendo vixencia éste a partir do 2013, e sinala que o Grupo Municipal do B.N.G. votou que subiran todas estas taxas e hoxe di que non, polo que se ocorre unha intervención do Concello non vai ser por culpa de quen votou para atender ó previsto no Plan de Axuste.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame desfavorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por 9 votos en contra, correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G. e 8 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i., desestimar o recurso interposto polo Alcalde e os Concelleiros do Grupo Municipal do P.S.O.E. contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de data 31 de outubro de 2012, referente ó punto 8 da orde do día “aprobación das ordenanzas reguladoras de impostos, taxas e prezos públicos, para rexer no ano 2013”.



**EXCMO.CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo electrónico: [viveiro@fegamp.es](mailto:viveiro@fegamp.es)

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 21:30 horas do día 15 de novembro de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.